

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 30 de marzo de 2020 pola que se acorda a aplicación de medidas derivadas da declaración do estado de alarma no servizo de claves concertadas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia Chave365.

O protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aprobado por Orde do 6 de febreiro de 2014, regulou o sistema de claves concertadas Chave365 como mecanismo alternativo aos certificados electrónicos para a identificación e sinatura das persoas interesadas.

O dito protocolo establece no seu punto 1.2.1.4 que a validez do mecanismo de claves concertadas será dun máximo de catro anos e no punto 1.2.1.2 que a modificación por parte do cidadán da clave de acceso ao sistema deberá realizarse, polo menos, con periodicidade anual.

Así mesmo, establece que no suposto de bloqueo dun código de usuario, o cidadán poderá rexenerar a clave ante as oficinas de rexistro ou de forma electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do uso dun certificado electrónico recoñecido.

Actualmente máis de 200.000 persoas son usuarias do sistema de identificación e sinatura Chave365, o que lles permite o acceso electrónico a distintos servizos electrónicos do sector público autonómico, como a sede electrónica ou o servizo É-Saúde.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece na súa disposición adicional cuarta que os prazos de suspensión e caducidade de calquera acción e dereito quedan suspendidos durante o prazo de vixencia do estado do alarma e, se for o caso, das prórrogas que se adopten.

Así mesmo, o dito decreto establece que durante a vixencia do estado de alarma os cidadáns estarán suxeitos a medidas de limitación da liberdade de circulación. Estas medidas dificultan, e na maioría dos casos impiden, que as persoas poidan realizar trámites presencialmente, polo que a dispoñibilidade de medios electrónicos de identificación e sinatura se fai especialmente necesaria.



O acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o cal se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, publicado por Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, prevé no seu punto oitavo a suspensión de prazos de prescrición e caducidade durante a vixencia do estado de alarma na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nestas circunstancias cómpre tomar as medidas oportunas para aplicar a suspensión da caducidade das contas de usuario e das claves de acceso ao sistema Chave365 para garantir o acceso aos servizos electrónicos do sector público autonómico.

A disposición adicional primeira da Orde do 6 de febreiro de 2014, pola que se aproba o protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así mesmo, a Resolución conxunta do 3 de setembro de 2015, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se acorda a posta en funcionamento de Chave365, servizo de claves concertadas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece no seu punto segundo que a Amtega adoptará as medidas necesarias para que a accesibilidade, dispoñibilidade, integridade e seguridade do sistema respondan ás exixencias normativas vixentes.

Á vista do exposto, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

RESOLVE:

Primeiro. *Ampliación do período de validez do mecanismo de claves concertadas*

Amplíase o período de validez do mecanismo de claves concertadas para aquelas persoas ás cales o dito período de validez lles remate durante a vixencia do estado de alarma e polo tempo de duración deste.



Segundo. *Exención da obrigatoriedade de modificación anual da clave de acceso*

As persoas ás cales corresponda realizar a modificación da súa clave de acceso durante a vixencia do estado de alarma poderán seguir utilizando o sistema aínda que non realicen a modificación da clave durante o dito período.

Terceiro. *Habilitación de mecanismos non presenciais de rexeneración da clave de acceso*

No caso de ser necesario, poderanse habilitar mecanismos non presenciais de rexeneración das claves de acceso en caso de bloqueos durante a vixencia do estado de alarma. Estes mecanismos garantirán a identificación do cidadán por medios non presenciais, como a achega de información coñecida por ambas as partes, o uso de videochamadas ou outros similares, que ofrezan as medidas de seguridade oportunas.

Cuarto. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2020

Mar Pereira Álvarez
Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

